



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA


TIPOLOXIA:

INDUSTRIAL

CLAVE PLANO:

8-N

Nº FICHA:

A_030**F 01****PLANO**

DENOMINACIÓN:

Adegas Bandeira

PARROQUIA:

CENTRO CIDADE

NÚCLEO:

Vigo

LOCALIZACIÓN:

Rúa Aragón s/n rúa Jenaro de la FuenteDESCRIPCIÓN: **ECLECTICISTA**

Antiga nave de almacenamento de viños e licores situada na intersección das rúas Aragón e Jenaro de la Fuente. De planta rectangular e dúas alturas, o seu tellado a catro augas cubría un total de 1.050 m² dunha parcela total de 2.770 m².

As fachadas laterais articulan o seu espazo mediante a combinación de perpiaño cara a vista perfectamente labrado e escuadrado e entrepanos enfoscados e branqueados. Nestes laterais atopamos dúas tipoloxías de xanelas, unha convencional na metade inferior, e outra tripartita na superior.

No que atinxe ás fachadas principais, a masa predomina amplamente sobre o oco, presente en forma de xanelas tripartitas e portas de acceso. Concebidas de xeito simétrico e partindo dunha división en altura semellante á que presentaban as fachadas laterais, o arquitecto dispón un corpo vertical en pedra ubicado no eixo da composición. Este presenta unha superposición de ocós que conclúe en altura cun orixinal brasón laureado da marca, integramente labrado en pedra e flanqueado por senllos pináculos.

CATEGORÍA:

INCLÚIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

AMBIENTAL 5

ESTADO CONSERVACIÓN:

MOI MALO

PROPIETARIO:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓN:

Arquitectura ecléctica.

A intervención sobre o edificio axustarase aos criterios establecidos na AOP-07 "Jenaro de la Fuente", prevéndose o traslado ao espazo público e posibilitar a ampliación da rúa Bizcaia. Permítese ademais os pequenos axustes nas fachadas e mesmo nos ocós que resultasen necesarios para acomodar a edificación á ordenación prevista na AOP-07.

ELEMENTOS A PROTEXER

FACHADA

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

ENFOSCADOS PINTADOS

ESCUDOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

Adicións miméticas

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.